

VIOLACIÓN

Anja Breien, 1971

1690

ESTREA EN NUMAX: 03.03.2026 | V.O.S.E. | 96 min

Unha ama de casa é brutalmente violada nunha mañá de inverno, e ao día seguinte unha moza sofre un intento de violación. A policía sospeita de Anders, un mozo peón en estradas que foi visto no lugar en ambos os dous casos. Mais, atoparon o home correcto? A través de formas próximas ao documental e cunha montaxe rupturista, analízase a investigación policial e o sistema xudicial noruegués seguindo a perspectiva do acusado.

Presentación de Víctor Paz, da distribuidora Lost&Found.



«Quixen reflectir as miñas dúbidas sobre o sistema xudicial e os conceptos de culpa e castigo»

Por Anja Breien

Empecei a dedicarme seriamente ao cinema en 1960. Tiña vinte anos e estudaba no IDHEC de París, na sección de «dirección». Era unha das poucas mozas da escola. E neses dous anos nunca puideron ver ningunha película realizada por mulleres. As películas que me impactaron entón e que deixaron pegada na miña formación eran todas de homes. Sentíame como unha orfa, sen nai, pero con centos de pais. Ao terminar os cursos no IDHEC, volví a Oslo e en 1966 tiven a sorte de traballar con Henning Carlsen, un director danés que nese momento estaba a rodar *Sult* (*Fame*), baseada na novela de Knut Hamsun.

Finalmente, en 1967 conseguín realizar a miña primeira película, *Jostedalsrypa*, unha curta duns trinta minutos que en 1971 se incluíu nunha longa por episodios, *Dager fra 1000 år*. Inspirado nunha lenda medieval, contaba a historia dunha nena, única sobrevivente da peste negra nun val noruegués. O que realmente me custou nesta película foi o intento, que espero ter logrado, de evitar convertela nunha bonita postal turística. Por iso busquei solucións visuais novas, centradas no que realmente quería dicir e que non falasen unha linguaxe diferente ao da historia. Logo rodei unha segunda curtametraxe, *17 mai*. En filme om ritualer, unha mirada irónica á celebración anual da festa nacional norueguesa, co que ademais gañei un premio en 1969 en Oberhausen.

Pero o meu verdadeiro debut tivo lugar en 1971, cando puideron realizar a miña primeira longametraxe, *Violación* (*Voldtekt*). Unha caste de semidocumental no que se reflectían as miñas dúbidas sobre o sistema xudicial e os conceptos de culpa e castigo. Aí contei a historia dun mozo acusado dun delito que en realidade non cometera. Aos poucos, o sistema e a burocracia envólveno e esmágano, ata que el mesmo comeza a dudar de se realmente cometeu o delito. *Violación* naceu dunha idea de Per Blom, que tamén colaborou no guión, e a película presentouse no festival de Cannes. Por paradoxal que pareza, en Noruega é máis fácil facer a primeira película que continuar e conseguir terminar a segunda. Por algunha razón que non me queda clara, ningunha institución nin ningún produtor che vai axudar a seguir traballando. Cada vez hai que empezar de cero, coma se cada película fora sempre a primeira. O maior problema de todos os directores noruegueses é precisamente este: a falta de continuidade na súa produción. Cando che custa traballo rodar unha película cada dous anos, necesítase moito valor para arriscarse e probar novos camiños. Son dous anos da túa vida os que pos en xogo. Acabas rexeitando calquera risco, porque cada paso en falso custa caro.

En Noruega, creo que nin sequera un cineasta como Fassbinder podería manter ese ritmo, que o levou a rodar unhas corenta películas en poucos anos. Con todo, facer cinema é moito máis fácil en Noruega que noutros países. Non todo o mundo estará de acordo comigo neste punto, pero estou realmente convencida diso. Especialmente para as mulleres, é moi difícil dedicarse ao cinema en serio en calquera lugar, mentres que en Noruega nos beneficiamos do feito de que o Estado recoñeceu a importancia cultural do cinema. Pero aínda hai demasiados mozos que só conseguen facer unha película e logo desaparecen da escena.